



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

DODRO

Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza fiscal número 14, que regula a taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 14, QUE REGULA A TAXA POLO SUBMINISTRO E ACOMETIDA Á REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

En sesión plenaria realizada o 11 de novembro de 2025 aprobouse provisionalmente a modificación do artigo 5 “Cota tributaria” da Ordenanza fiscal nº 14 reguladora da taxa polo subministro e acometida á rede xeral de abastecemento de auga potable.

Publicado anuncio de exposición pública no BOP nº 218 do 13/11/2025 polo prazo de 30 días hábiles, non foron presentadas alegacións polo que se eleva automaticamente a definitivo o acordo inicial e se publica a modificación da ordenanza aprobada.

Artigo 5.- Cota tributaria

SUBMINISTRO DE AUGA

A) Usos domésticos

Cota de servizo (fixa)	1,9711 €/mes
1º Bloque ata 10 m3 /abonado/mes	0,2224 €/m3
2º Bloque de 10 m3 ata 20 m3 /abonado/mes	0,5040 €/m3
3º Bloque máis de 20 m3 /abonado/mes	0,6371 €/m3
Por conservación de acometida	0,6965 €/abonados/mes
Por conservación de contador	0,6965 €/abonados/mes

B) Usos industriais e obras

Cota de servizo (fixa)	2,7712 €/mes
1º Bloque ata 15 m3 /abonado/mes	0,3112 €/m3
2º Bloque de 15 m3 ata 30 m3 /abonado/mes	0,7052 €/m3
3º Bloque mais de 30 m3 /abonado/mes	0,8923 €/m3
Por conservación de acometida	0,6965 €/abonados/mes
Por conservación de contador	0,6965 €/abonados/mes

O 10% de IVE non incluído en auga

O 21% de IVE non incluído en conservación de acometidas e contadores

ACOMETIDA DE AUGA A REDE XERAL DE ABASTECIMENTO

Arqueta para colocación de tapa de 15 x 25

Lonxitude da gabia de 1 a 5 metros (apertura e peche e reposición de pavimento)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición que hai que realizar na gabia e no pavimento.

Acometida auga	Terra (€)	Asfalto (€)	Baldosa – beirarrúa (€)
¾"	404,55 €	453,88 €	496,19 €
1"	429,86 €	488,01 €	512,07 €
1 ½"	473,08 €	526,89 €	577,68 €
2"	521,33 €	572,64 €	625,35 €

Acometidas de máis de 5 m, farase un orzamento para cada caso.

21% do IVE non está incluído nas acometidas.

Dodro, 30 de decembro de 2025

O alcalde,

Francisco Xabier Castro Tourís

2025/8738